



## ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2024-2025

A admisión do alumnado neste centro para o curso 2024-2025 axustarase á lexislación vixente e proceso que se indican:

### 1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, polo que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#) polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- [Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura Educación e Universidade.](#)

### 2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES VACANTES

Educación Infantil			Educación Primaria		
Nivel	Vacantes ordinarias	(1) Prazas reserva NEAE	Nivel	Vacantes ordinarias	(1) Prazas reserva NEAE
4ºEI (3 anos)	34 +	6	1ºEP	0	
5ºEI (4 anos)	0		2ºEP	0	
6ºEI (5 anos)	0		3ºEP	0	
			4ºEP	6	
			5ºEP	0	
			6ºEP	0	
		(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (Orde do 21 de outubro de 2022)			

### 3. ÁREA DE INFLUENCIA A IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no mapa de zonas educativas proporcionado polo Concello. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o centro está adscrito ao **IES Monelos**.

### 4. XORNADA DE PORTAS ABERTAS

Co obxecto de que as familias interesadas en solicitar praza podan coñecer o noso centro, teremos unha xornada presencial de portas abertas o luns **26 de febreiro ás 16:00 horas**, no salón de actos do centro situado no 2º andar, previa inscrición.

### 5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (pódense descargar no portal da Consellería de Educación ou na web do centro), deberanse presentar e asinar preferentemente en liña na SEDE ELECTRÓNICA, cubrirse en liña en <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>, ou cubrilas manualmente e presentalas na Administración do centro do **1 ao 20 de marzo, en horario de 09:15 a 11:30 e de 12:00 a 13:30 horas** debendo ir acompañadas do DNI da alumna ou alumno, do libro de familia ou documentación acreditativa do requisito de idade da alumna ou alumno.

No caso de optar a un curso de Educación Primaria, deberán achegar tamén a certificación de matrícula do centro de procedencia.

En caso de separación xudicial ou de divorcio, deberán presentar o convenio regulador ou a resolución xudicial.

En caso de optar a unha praza reservada para alumnado con NEAE deberán facelo constar no Anexo II e achegar a documentación xustificativa.

Presentarase a documentación orixinal e as correspondentes copias para ser compulsadas no centro.

### 6. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS

Na solicitude de admisión deberanse facer constar aqueles criterios que desexen sexan tidos en conta a efectos de baremación, en caso de que se reciban máis solicitudes ca vacantes.

O prazo de presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremación, é **do 22 de marzo ao 4 de abril. Porén, para facilitar trámites poden achegala coa solicitude**. Consultaranse automaticamente os DNI, a declaración do IRPF, a condición de familia numerosa, o certificado de discapacidade, e a percepción de pensión por discapacidade. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta automática de datos, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou

acolledora, e chegar os documentos.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. **A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.**

## 7. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. As listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

- **15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o persoa titular da Xefatura Territorial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

## 8. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no centro formalizará a súa matrícula na Secretaría do centro, **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, teráselle por decaído no dereito á praza obtida.

## 9. RECURSOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

Os servizos e recursos que ofrece o centro son:

a) Recursos persoais:

- Profesorado especialista en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Física, Educación Musical e Lingua Estranxeira: Inglés.
- Departamento de Orientación Escolar: Orientadora e profesorado especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.

b) Instalacións e recursos escolares

- Aulas de Educación Infantil e Primaria, dotadas con monitores interactivos, PDI, proxector.
- Aulas de PT e AL.
- Aula de Música e Danza.
- Aulas de ordenadores con dotación TIC.
- Equipamento de ordenadores portátiles transportable para as aulas.
- Biblioteca escolar. Con fondos adaptados ás idades do alumnado, dotada con ordenadores e tabletas dixitais.
- Salón de Usos Múltiples.
- Pavillón polideportivo municipal para uso do centro en xornada escolar.
- Pista deportiva cuberta.

- Parque infantil con rocódromo.
- Patios exteriores.
- Comedor escolar.

## 10. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

### 10.1.- Transporte escolar.

Non existen rutas de transporte neste centro.

### 10.2.- Comedor escolar.

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro.

Lexislación aplicable:

- Decreto 132/2013, do 31 de xaneiro, polo que se regulan os comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 13/08/2013).
- Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 05/03/07).
- Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 (DOG 19/06/08)

**10.3.- Madrugadores (7:30 - 9:00h).** Organizado e xestionado pola ANPA do centro.

### 10.4.- Outras actividades extraescolares (16:00 - 19:00h).

Organizado e xestionado pola ANPA do centro. A ANPA informará durante o mes de setembro sobre as actividades que se podan organizar.

**Horario da ANPA:** Todos os días de 09:00 a 10:15 horas.

**Teléfono ANPA:** 661266674

**Web:** [www.anpacubela.es](http://www.anpacubela.es)

**e-mail:** [anpacubela@gmail.com](mailto:anpacubela@gmail.com)

## INFORMACIÓN IMPORTANTE

**A solicitude será única e vinculante**, poderase incluír ata seis centros, por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Presentarase no centro indicado no primeiro lugar. Deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras. titoras ou acolledoras da alumna ou alumno menor de idade non emancipado. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (Anexos I-bis. II-bis e III-bis).

Logo de presentar una solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

**CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Criterio		Valoración	Acreditación	
a.	<b>Irmáns no Centro</b> (Art. 14)	- Polo 1º. - 2º e seguintes.	- 8 puntos. - 2 puntos cada un. Máximo 14 puntos.	- Fotocopia <u>completa</u> do <b>libro familia</b> .
b.	<b>Proximidade do centro</b> (Art. 15)	1. Domicilio familiar: - Área de influencia - Áreas limítrofes	- 8 puntos. - 4 puntos.	- Certificado actualizado de <b>Padrón Municipal</b> (con antigüidade mínima no domicilio <u>dun ano respecto o inicio do procedemento de admisión</u> e sempre que se autorice o cotexo de datos con Facenda).
		2. Domicilio laboral: - Área do Centro. - Áreas limítrofes, (Non acumulables)	- 6 puntos. - 3 puntos.	- <b>Empregados</b> : Documento da empresa xunto con contrato de traballo. - <b>Autónomos</b> : Alta na Axencia Estatal Administración Tributaria e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
c.	<b>Renda 2022</b> (Per-cápita) (Art. 16)	IPREM: 6.948,24 € - Inferior 0,5 veces. - = ou > 0,5 e < 0,75. - = ou > 0,75 e < IPREM - = ou > IPREM	- 3 puntos. - 2 puntos. - 1 punto. - 0 puntos.	- <b>Autorización da información tributaria</b> por parte da AEAT (na solicitude). - <b>Se non houbo obriga</b> de declarar: <b>Certificado da AEAT</b> .
d.	<b>Proxenitores ou titores traballadores do centro</b> (Art.17)	(Non acumulables)	- 3 puntos	Acredita o <b>propio Centro</b> .
e.	<b>Familia numerosa</b> (Art. 18)	- Categoría especial - Categoría xeral	- 3 puntos. - 2 puntos.	- Fotocopia <b>título oficial</b> ou do carné familiar galego da Consellería de Benestar ou copia solicitude de recoñecemento ou renovación (se non autoriza a consulta automática de datos).
f.	<b>Irmáns parto múltiple</b> (solicitantes do memos centro, Art.19)	- Dous - Máis de dous	- 8 puntos. -10 puntos.	Fotocopia completa do libro de familia. Partida de nacemento.
g.	<b>Familia monoparental</b> (Art. 20)		- 2 puntos.	- Certificado de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
h.	<b>Discapacidade</b> (Iguar ou sup. ao 33%) (Art. 21)	- Do alumno ou alumna. - Dun proxenitor. - Algún irmán ou irmá. - Incapacidade Permanente total	- 4 puntos. - 3 puntos. - 1 punto por cada un. (Máximo 4 puntos)	- Certificación do <b>grao de minusvalía</b> expedido pola Consellería de Traballo e Benestar (se non autoriza a consulta automática de datos).
1.	<b>Vítima de violencia de xénero</b> (Art.22)		- 2 puntos.	Documentación acreditativa.
j.	<b>Vítima de terrorismo</b> (Art.23)		- 2 puntos.	Documentación acreditativa.
k.	<b>Criterio complementario</b> (Art. 24)	- Solicitar un centro público en 1º lugar	- 1 puntos.	- Instancia de solicitude. Acredítase de oficio polo centro.